

MANUAL DE TRADUCCIÓN¹

Peter Newmark, *Manual de traducción*, Santiago de Compostela, Universidade de, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 1993. Traducción de F. X. Fernández Polo.

É este o segundo título que o Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago edita dentro da colección "Lingua Franca" destinada a verter ó galego os textos máis sobranceiros da lingüística clásica e actual, "conscientes do importante papel que a traducción desempeñou e segue a desempeñar no proceso de normalización doutras linguas", como se di na presentación do mesmo. A idea de ter escollido para unha colección de traduccions de textos lingüísticos unha obra dun xa clásico (aínda que recente) da chamada "traductoloxía" constitúe, de partida, un bo reto para o autor da versión en galego quen, ó noso entender, sae airoso deste exercicio-desafío de metatraducción, aínda que é unha boa mágoa que se elixise un título que fora traducido ó español en 1992 por Ediciones Cátedra e que tivo unha moi boa acollida entre profesionais, profesorado e alumnado da licenciatura de Traducción e Interpretación. É evidente que para moitos deles a versión en galego, aínda que atractiva en si mesma polas solucións prácticas que se lle dan a certos aspectos que atinxen directamente á traducción ó noso idioma, non é novidosa porque xa non se fai necesaria para non ter que facer-lo esforzo de le-lo orixinal inglés. Unha mágoa, como dicíamos, que ten unha sinxela explicación: o traductor cando se decidiu a comeza-lo traballo non tiña noticia da eminente saída da versión española (1992).

O libro do profesor inglés, cun estilo directo, desenfadado e en moitos casos irónico, achega ó panorama dos estudos de traducción unha contribución orixinal, que xa iniciara en 1981 con *Approaches to Translation* (Oxford: Pergamon Press), por canto o enfoque que presenta é sumamente práctico, recollendo as cuestións fundamentais que aborda a Teoría da Traducción (análise do texto, funcións da linguaxe, métodos de traducción, unidades de

¹ Versión galega do orixinal *A Textbook of Translation*. Londres, Prentice Hall International (UK) Ltd. 1987.

traducción, tipos de traducción, análise compenencial, crítica de traducción, etc) e ilustrándoa cun bo número de exemplos prácticos que fan máis leveira a lectura e comprensión do texto do profesor de Teoría da Traducción da Universidade de Surrey. A propia distribución de contidos e o seu tratamento organizado e sistemático fan do libro un verdadeiro manual indispensable para calquera persoa que teña relación co mundo da traducción pois nel poderá consultar desde aspectos máis xerais que están sempre presentes á hora de traducir, como poden ser-la cohesión textual, a traducción literal, os procedementos técnicos da traducción, a ambigüidade, etc a problemas puntuais que xorden no mesmo acto da traducción: como verter un título, qué facer cos eponimos ou coas palabras "inalopables" ou como solucionar un xogo de palabras. Como di o propio autor no Prefacio, se hai algún elemento unificador no libro é o desexo de ser útil para o traductor.

En definitiva, o *Manual de traducción* non é máis ca un bo intento de adaptar-las reflexións dos clásicos dos estudos de traducción e a lingüística contrastiva (Catford, Delisle, Malblanc, Moutin, Nida, Vinay e Darbelnet, etc) ó mundo de hoxe onde a traducción, amais de seguir sendo un instrumento fundamental para a transmisión cultural, é unha actividade profesional recoñecida e cada vez máis solicitada.

A traducción ó galego, da que é responsable o profesor de Filoloxía Inglesa da Universidade compostelá, F. Xavier Fernández Polo, ten un mérito engadido ó esforzo que supón a constante tensión intelectual presente no acto da traducción no que, e en palabras de Newmark, o traductor tenta de resolver mil e un problemas dentro dun máis grande: por unha banda estamos ante a traducción dun texto que por medio da teoría, dos exemplos, das referencias culturais nos está aprendendo, axudando a traducir, e que ademais hai que traducir; pola outra, será a primeira vez que teñámo-la oportunidade de contar en galego cun libro onde apareza toda a terminoloxía referida ó campo da traducción, o que supón unha proposta seria e traballada, unha base da que partir para facer tódalas melloras e suxestións que se consideren oportunas. Neste senso o Glosario que aparece ó final do libro, e mesmo o índice de materias, son unha boa mostra do que estamos a dicir.

O esforzo antedito completase coa boa adaptación ó galego dos exemplos que o orixinal presenta xogando co inglés e, fundamentalmente, o francés e o alemán, e coa inclusión dun texto a maiores na 2ª parte ("Métodos") de crítica de traducción do inglés ó galego (Virginia Wolf, *Cara ó faro*) co que se lle pon o ramo a este exercicio de adaptación e, en definitiva, de utilidade práctica, o que non resta para comentar que nunha lectura detallada e minuciosa se vaian descubriendo esas malas pasadas que a traducción dun texto tan autorizado na materia como é o do que aquí estamos falando lle xogue a un especialista pero quizais non profesional da traducción.

Como a nosa intención aquí non é facer un estudio pormenorizado nin unha crítica da traducción senón unha breve reseña deste traballo, citaremos

só tres exemplos ilustrativos do que acabamos de dicir. O primeiro deles é un caso dos chamados *falsos amigos*, dos que o propio Newmark nos advirte: na páxina 12 o traductor elixe a palabra "evidencia" (ing. *evidence*) no canto de "proba". O segundo pon de manifesto que, se ben no libro constantemente se nos está chamando a atención sobre a importancia de non provocar ambigüidade, o traductor desoe os consellos ó respecto e fálascenos "do telegrama que os xaponeses enviaron a Washington xusto antes de que tirasen a bomba sobre Hiroshima" nun intento máis ben fallado de evita-la pasiva inglesa ("just before the bomb was dropped"). Por último, o terceiro deixa ve-la interferencia do inglés en canto ó seu carácter sintético e con tendencia á xustaposición ("...unequal conditions responsible for..." : "...condicións inadecuadas responsables de..."), fronte ó carácter máis analítico e con tendencia á subordinación do galego, que, neste exemplo, precisaría dunha amplificación ("...condicións inadecuadas que son responsables de...").

É de lei, non obstante, salientar que estes pequenos fallos non luxan en absoluto a boa cualidade global da traducción e o mérito que supón afrontar tal tarefa, como dicíamos antes.

Para concluir, cómpre destacámo-la coidada presentación e maquetaxe do volume, se ben tanto a boa calidade do papel, que incide negativamente no peso, e o seu tamaño coma o prezo de venda ó público poden facer desta indispensable obra un libro paradoxalmente pouco manual e pouco accesible para os petos dos lectores.

Gonzalo Constenla Bergueiro
Universidade de Vigo